



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O COLEXIO OFICIAL DE QUÍMICOS DE GALICIA, PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA OLIMPIÁDA DE QUÍMICA E PARA O SEU RECOÑECEMENTO COMO ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a Consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

E doutra, D. _____, no exercicio das súas competencias como decano do Colexio Oficial de Químicos de Galicia e presidente da Asociación de Químicos de Galicia. O Colexio Oficial de Químicos de Galicia, entidade constituída o día 20 de abril de 1952 como Colexio Oficial de Químicos de Vigo, con domicilio social na rúa Urzaiz, 1 - 2º dta. 36201 Vigo (Pontevedra), e con poder suficiente para a constitución deste convenio, segundo consta no Decreto 195/2001, do 26 de xullo, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais polo que se aproban os seus estatutos, actuando como coorganizador da fase local da Olimpíada de Química en Galicia (Olimpíada Galega de Química), a partir de agora Colexio Oficial de Químicos de Galicia, incluíndose a Asociación de Químicos de Galicia como entidade organizadora da Olimpíada Galega de Química.



As partes recoñécense reciprocamente, no carácter con que interveñen, plena capacidade xurídica para a sinatura deste convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Ademais, mediante o Real decreto 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.

Segundo

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recolle nos seus artigos 102, 104, 105 e 106 o compromiso das administracións educativas na planificación da formación permanente do profesorado e no fomento das actividades de investigación e innovación, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado.

Terceiro

No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción de proxectos de investigación e innovación educativa. Que, para este efecto, co obxecto poder actuar en todos os ámbitos sociais, debe



colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto

A Consellería, mediante a Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, recolle no seu artigo 37 a homologación a participación do profesorado en proxectos de innovación impulsados polas administracións educativas como actividades de formación permanente. Determina, así mesmo, que a valoración en horas de formación para cada proxecto de innovación virá determinada na convocatoria correspondente ata un máximo de 50 horas por actividade.

Quinto

Que o Colexio Oficial de Químicos ten entre os seus fins promocionar e fomentar o progreso da súa área de traballo, o desenvolvemento científico e técnico da profesión, así como a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade, así como colaborar coa Xunta de Galicia ou con calquera outra Administración ou organismo público no exercicio das súas competencias, nos termos previstos nas leis.

Sexto

Que é de interese para a Consellería e o Colexio Oficial de Químicos establecer un programa de acción para incentivar e mellorar o ensino e a aprendizaxe da química, así como profundar nos coñecementos destas materias no marco do ensino secundario, nos centros de Galicia, a través da organización e desenvolvemento da Olimpíada de Química.

Sétimo



Que o Colexio Oficial de Químicos de Galicia e a Asociación de Químicos de Galicia son os responsables da realización da Fase Local da Olimpíada de Química en Galicia (Olimpíada Galega de Química).

Consecuentemente con todo o indicado, a Consellería e o Colexio Oficial de Químicos de Galicia manifestan a súa vontade de asinar un convenio de colaboración durante o ano 2017, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto o recoñecemento como actividade de innovación educativa da preparación e acompañamento do alumnado participante na Olimpíada de Química, tanto nas súas fases locais como na nacional.

Así mesmo, ten por obxecto promover a formación dos docentes de ensino secundario e a súa actualización metodolóxica e científico-tecnolóxica, así como fomentar neles a necesidade dunha aprendizaxe activa e participativa, onde se impulse o método científico e, por último, ampliar as súas competencias profesionais mediante unha formación axeitada en temas de innovación e investigación educativa.

Segunda. Obrigas do Colexio Oficial de Químicos de Galicia

Mediante a sinatura deste convenio, o Colexio Oficial de Químicos de Galicia comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Elaborar os materiais para a difusión das probas (carteis, folletos, etc...) correspondentes á fase local das olimpíadas.
- Difundir a celebración da olimpíada, tanto aos centros de ensino galego como á sociedade en xeral, mediante as redes sociais, os medios de comunicación, envío da información aos centros de ensino, etc... dándolles



prioridade aos centros de ensino con etapas a onde a dita olimpiada vai dirixida.

- Facilitarlle á Consellería o dito material para a súa difusión nas plataformas de acceso público e específico do profesorado.
- Informar ao profesorado de ensino medio da existencia dun recoñecemento e homologación da súa dedicación a preparación e acompañamento do alumnado para a Olimpiada de Química.
- Elaborar as probas correspondentes á fase local e realizar a súa distribución polas sedes onde terá lugar, así como xestionar os locais onde se celebrarán as probas.
- A corrección e publicación dos resultados das fases locais e a comunicación daqueles participantes que representan a Galicia na fase nacional.
- Convocar e xestionar o acto de entrega de galardóns e diplomas correspondentes á fase local e comunicarlle á Consellería a súa data, co envío da correspondente invitación ao acto.
- Xestionar o desprazamento dos participantes á fase nacional, incluíndo hospedaxe e/ou manutención no caso que non se faga cargo a organización da Olimpiada Nacional, así como facilitar o responsable ou os responsables que acompañarán os participantes nesa fase.
- Entregarlle á Consellería unha memoria final de acordo co previsto na cláusula oitava deste convenio.
- Respetar a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, no sentido de non ser condenado



por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

Terceira. Obrigas da Consellería

Pola súa parte, a Consellería comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Apoiar e difundir as fases locais da Olimpíada de Química (Olimpiada Galega de Química), e a participación nas fases nacionais das Olimpíada de Química.
- Recoñecer estas fases como actividades de innovación educativa cunha certificación ao profesorado participante equivalente a 15 horas de formación no caso da fase autonómica e 25 horas na fase nacional.

Cuarta. Rexistro de convenios

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do Colexio Oficial de Químicos de Galicia á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Quinta. Vixencia

Este convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, e será prorrogable de forma automática por anos naturais, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

Sexta. Comisión de coordinación, seguimento e avaliación

6.1. Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de coordinación, seguimento e avaliación composta por dous/dúas representantes de cada unha das partes asinantes, presidida polo director xeral



Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

6.2. As funcións da comisión serán as seguintes:

- Impulsar e apoiar a celebración da Olimpíada de Química, tanto nas súas fases locais como nacionais.
- Velar conxuntamente polo correcto funcionamento das actuacións obxecto deste convenio.
- A avaliación das actuacións, unha vez finalizadas.

O réxime xurídico desta comisión será o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para os órganos colexiados.

Sétima. Accións de difusión

Na difusión das accións que se poñan en marcha para o desenvolvemento deste convenio (publicidade, comunicación, información, folletos, etc) figurará de forma expresa o Colexio Oficial de Químicos de Galicia na olimpíada conxuntamente coa Consellería.

Oitava. Xustificación das actividades

Unha vez rematada a Olimpíada de Química, e as correspondentes fases nacionais, desenvolvidas durante o exercicio no que se aproben as actuacións, será preceptiva a súa xustificación por parte do Colexio Oficial de Químicos de Galicia ante a Consellería, a través dunha memoria final de execución na que constará a certificación da relación do profesorado participante.

Novena. Causas de resolución

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.



Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

Décima. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan catro copias do convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	O decano do Colexio Oficial de Químicos de Galicia
--	--